

O xogo tradicional nos centros de ensino da provincia de Ourense

16 anos de Obradoiro de Xogos Tradicionais e Populares



Aurelio Prado Rodríguez

Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo -
Deputación de Ourense

ccpxaquinlorenzo@depourense.es
www.ccpxaquinlorenzo.es

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932
Páx. 60-63

O Centro de Cultura Popular "Xaquín Lorenzo Fernández" é un departamento da Deputación de Ourense creado no ano 2004 -ano no que se lle dedicou o Día das Letras Galegas ao etnógrafo ourensán Xaquín Lorenzo Fernández- a partir da transformación da Escola Provincial de Danza da Deputación de Ourense.

Anteriormente a Escola Provincial de Danza, dende a súa creación en 1984, viña realizando unha intensa actividade no eido da música e da danza popular. Paralelamente a este labor pedagóxico, estaba a desenvolver unha serie de actividades de investigación e difusión da nosa cultura popular, seguindo a traxectoria comezada no seu día polo Colectivo Cultural "Castro Floxo", que comezara a súa andaina a finais dos anos 70 asesorado por Xaquín Lorenzo.

O feito de converter a Escola Provincial de Danza e o Colectivo Castro Floxo no "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo" contribuíu non só a honrar a figura do insigne etnógrafo, senón tamén a reflectir a actividade real desempeñada pola Escola de Danza no eido da cultura popular, axudando dun xeito definitivo á continuidade do noso patrimonio.

O obxectivo principal do "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" é promocionar todo tipo de actividades encamiñadas a recuperar, conservar e espallar a cultura do noso pobo, incidindo con máis forza naqueles aspectos que, a causa da ruptura das habituais canles de transmisión, desapareceron practicamente nas cidades e vilas da nosa terra.

No ámbito educativo, o Centro pretende habilitar os medios necesarios e suficientes para que a cidadanía teña a oportunidade de coñecer a nosa cultura, transmitindo deste xeito un patrimonio intanxíbel que ademais de enriquecernos como persoas, nos axude a ver e coñecer as diferenzas e coincidencias con outras culturas e con outros pobos. Deste xeito contribuiremos a educar cidadanía con orgullo do propio, ao mesmo tempo que máis tolerante e respectuosa.

O ámbito do Centro abarca a totalidade da Provincia de Ourense, Galiza e o resto de España, mantendo unha fonda

colaboración co norte de Portugal. De igual xeito, estende a súa actividade a todo o mundo, programando actuacións das diferentes seccións que compoñen o Centro, tanto para a comunidade galega emigrante como para o resto da poboación: envío de publicacións, participacións en festivais de folclore, participación e organización de congresos, colaboración en organizacións de festivais, organización de cursos de música e baile, organización de exposicións, etc.

OBRADOIRO DE XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS

Cremos que na formación integral dos nosos nenos e nenas e no proceso de desenvolvemento educativo se debe contemplar o estudo e coñecemento de diferentes aspectos que conforman e singularizan a nosa identidade como pobo.

Este coñecemento das nosas raíces contribuirá a enriquecer a súa bagaxe cultural e propiciará unha formación integral aberta e tolerante: con orgullo da propia cultura e con respecto coas alleas.

Entre os moitos elementos da cultura popular que se foron esquecendo ao longo dos anos están os xogos populares e tradicionais. Xogos que en moitos casos posúen un grande valor lúdico e formativo. Recuperar os nosos xogos tradicionais non significa volver atrás no tempo nin loitar contra o avance da sociedade. Trátase de lle devolver ao xogo o seu valor, e de darlles aos nosos nenos e nenas opcións lúdicas dentro da nosa cultura.

A partir da experiencia que nos dan as anteriores edicións, así coma as distintas reorien-

tacións do proxecto, e grazas ás enquisas avaliativas achegadas polos centros ao remate da actividade, programamos o Obradoiro de xogos populares e tradicionais, deseñado principalmente para alumnas e alumnos de Primaria ou de Secundaria de centros de ensino público da provincia de Ourense.

A evolución do programa, en canto número de centros e alumnado ao longo destes quince anos queda reflectida na seguinte táboa:

Curso	2005/2006	2006/2007	2007/2008	2008/2009	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Educadores/as Sociais	1	1	2	2	2	2	2	1	1	1	1	1	1	1	1
Número de centros	10	25	37	46	48	57	65	51	58	55	56	58	62	59	Covid 19
Número de nenos/as	200	680	850	1400	1450	1520	1860	1524	1789	1887	1818	1788	1976	1817	

A afectación do programa no referente a territorio é aínda maior, porque se ben hai concellos que teñen varios centros (Ourense, O Carballiño, Verín, O Barco,...), hai outros nos que aos seus centros de ensino acoden nenos e nenas doutros concellos. Así, por exemplo, ao IES *Taboada Chivite* de Verín tamén acoden mozos e mozas dos concellos de Cualeiro, Monterrei, Laza e Castrelo do Val, e ao CPI Virxe da Saleta de Cea acoden dos concellos de Piñor e Vilamarín.

OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Dar a coñecer os xogos populares e tradicionais galegos, con especial atención aos propios da provincia, amosando novas alternativas para o tempo de lecer.
- Fomentar o interese pola cultura galega e o uso do galego a través do mundo lúdico.

- Dar a coñecer recursos relacionados cos xogos tradicionais e poñer en valor recursos xa existentes na nosa provincia dotándoos de vida.
- Fomentar valores como a colaboración, traballo en grupo, igualdade e aprecio.
- Desenvolver a orixinalidade e a creatividade coa elaboración de enredos, así como, incrementar o coñecemento do medio a través da utilización de elementos da contorna natural.

- Concienciar da importancia da transmisión cultural dunha xeración a outra.

DESTINATARIAS E DESTINATARIOS DO PROGRAMA

O programa Obradoiro de xogos populares e tradicionais está principalmente deseñado para alumnos e alumnas de último ciclo de Educación Primaria e primeiro ciclo de Educación Secundaria.

Así e todo o programa é moi flexíbel, xa que somos conscientes de que nalgúns centros teñen moi pouco alumnado, polo que neses casos facemos unha adaptación do programa, podendo chegar a todo o alumnado do centro (CEIP de Castrelo de Miño, CEIP do Bolo, CEIP Virxe de Guadalupe de Avión...).



DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO

A comezos do curso escolar poñémonos en contacto, vía correo electrónico, con todos os CEIP, CPI e IES da provincia. Optamos polo correo electrónico como vía de comunicación porque nos últimos anos do programa rebelouse como o método máis económico e eficaz.

Neste primeiro contacto achégaselles unha carta de presentación, unha solicitude de inscrición e un programa do Obradoiro.

O obradoiro consta de dúas sesións, escollidas de entre dez propostas. Estas dez propostas aparecen no programa remitido a todos os centros e modificado todos os anos tendo en conta as avaliacións da actividade que nos achega o profesorado.

As sesións propostas para elixir son as seguintes:

Sesión 1:	Porca e o pino.
Sesión 2:	Billarda.
Sesión 3:	Zancos, aros e peóns.
Sesión 4:	Pillas: o cazador, o pano do río e o chourizo envelenado...
Sesión 5:	Xogos de mesa: mentirán, muíño...
Sesión 6:	Birlos e birolla.
Sesión 7:	Enredos: xoguetes e enxeños musicais.
Sesión 8:	Xogos bailados.
Sesión 9:	Tabas e xogos de ritmo.
Sesión 10:	Ra, chavelo e chave.

Unha vez que chegan as solicitudes elaboramos un cronograma específico da actividade tendo en conta que a cada centro educativo iremos dúas semanas consecutivas, no mesmo día e horario, para realizar as dúas sesións elixidas por eles.

O profesorado conta con material de apoio para este obradoiro, en concreto dúas



propostas pedagóxicas: a porca e a billarda. Actualmente estamos a traballar na elaboración de dúas propostas pedagóxicas máis referidas ao xogo dos birlos e ao xogo da chave.

Comentar por último, que a Deputación de Ourense conta cun educador social e todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO XOGO

Amais do obradoiro de xogos, o Centro de Cultura Popular funciona como centro de recursos prestando o material de xogos a aqueles centros escolares, asociacións sen ánimo



Exposición de xogos tradicionais organizada polo Grupo Cuevas e coa colaboración do CCP Xaquín Lorenzo.



Unha das numerosas actividades de recollida que se realizan pola provincia de Ourense. Nesta caso recollendo os xogos dos birlos de Robledo – Carballada de Valdeorras.



de lucro ou concellos que no-los soliciten.

O esforzo na organización e realización de cursos, charlas e monográficos no eido dos xogos é salientábel, non só os propios, senón tamén os organizados en colaboración con outras institucións como a Universidade de Vigo, Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED-Ourense), CFR Ourense, Centros de ensino, Rede de escolas infantís de Galicia... Entre os moitos cursos realizados destacamos os

seguintes, con varias edicións cada un deles: "Curso de Xogos Tradicionais e Populares", "Contos, cantos e xogos de 0 a 3 anos", "Contos, cantos e xogos de 3 a 6 anos" e "Recuperación do xogo de calidade en contexto educativo".

Todo este labor en prol da recuperación, transmisión e asentamento dos xogos tradicionais e populares complétese con exposicións, apoio ou organización de torneos, organización ou apoio a actividades de exhibición... propias

ou en colaboración con institucións públicas ou asociacións como Brinquedia, Museo do Pobo Galego, La Región, Amics de la Baldufa etc. ■

Para máis información:

www.ccpxaquinlorenzo.es

Páxina web con acceso libre a propostas pedagóxicas da porca e da billarda, así como ao programa do Obradoiro de xogos populares e tradicionais.